

Juan Antonio Gago de Mendoza



Juan Antonio Gago de Mendoza, nado na Brea (Seixo, Marín, daquela pertencente á parroquia de San Tomé de Piñeiro) en 1761 e finado no verán de 1833, foi un mariñeiro e militar galego.

TRAXECTO:

Foi un dos capitáns e galegos máis famosos durante a guerra marítima contra os ingleses a finais do século XVIII, contando con patente de corso do rei Carlos IV. Unha das súas bases estaba na Guarda, de vital importancia dado que os portugueses eran aliados dos ingleses.

O 22 de agosto de 1800 venceu en Aguete ás tropas inglesas que intentaban capturar a fragata *Alcudia*, correo do rei cun cargamento de prata que se dirixía aos almacéns do reino en Pontevedra, motivo polo cal o rei recompensouno coa medalla de prata ao mérito e o grao de capitán. Os días 26 e 27 do mesmo mes venceu aos piratas ingleses en Ferrol.

En 1801 construíu o pazo de Chirleu.

Na Guerra da Independencia española contra as tropas francesas foi comandante das alarmas do Morrazos, liberando en abril de 1809 a vila de Marín. Participou na batalla de Ponte Sampaio e na reconquista de Vigo xunto a ás tropas de Cachamuíña.

CONVERSA:

Dáme moita pena que ata o momento ninguén do Concello de Vigo estivera interesado por este ilustre personaxe. Vivo aflixido por iso dende fai xa seis anos. Aparte dos seus méritos como militar, desde o 12 de xaneiro de 1678 ata 1918 todo o parque de Castrelos co seu Palacio-Museo foi dos Gago de Mendoza Oca Sarmiento e Montenegro, co herdeiro Antonio Feliz Tavarés Ozores e Sotomayor. A partir de aquí foron donos todos os seus descendentes ata o marqués de Valladares e VII de Mos, que faleceu aos 34 anos e casou con Marianne Wythe. Non tiveron fillos e Fernando Quiñones de León e Elduayen deixou como herdeiro ao seu pai, Fernando Quiñones de León, Marqués de Alcedo, duque do Santo Magno e Conde de Vañuelas. Este, ó non ter netos, doou ao Concello de Vigo o parque e o palacio, para gozo do pobo.

Sen unha rúa que aluda a ilustre nobreza de os Gago de Mendoza. Hai unha praza que xa está feita e non ten nome. Trátase da rotonda en plena avenida de Castelao, e tan grande como a praza da América, próxima hipermercado Alcampo, en Coia.. Fagamos cultura cos nomes galegos antes que con Calquera persoa estranxeira. A nostalxia da vida a vida, e cultura co seu doce recordo. Dáme pena polo sometemento a unha perpetua ignorancia dos Gago de Mendoza.

Hai un fermoso poema na súa historia que di así: «¡Oh! Juan Gago de Mendoza, cachiño de gloria que pola patria e para a patria, á fronte dos teus 500 homes soubehes conquistar...». Polo visto, os políticos non queren conquistar para a memoria desta cidade a cultura desta provincia...